




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

.E.S. CASTRO ALOBRE
r/ San Roque, nº 25
36600 Vilagarcía de Arousa
Tfno/Fax: 986501000-986501285
es.castroalobre.vilagarcia@edu.xunta.es




PLAN DE CONVIVENCIA

1



IES Castro Alobre



INDICE

1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	3
2.- DESEÑO DO PLAN DE CONVIVENCIA	5
2.A- <u>DIAGNOSE E XUSTIFICACIÓN</u>	5
2.B- <u>DEFINICIÓN DE CONVIVENCIA</u>	7
2.C- <u>DESTINATARIOS</u>	7
2.D- <u>OBXECTIVOS</u>	7
2.E- <u>ACTIVIDADES E ACTUACIÓN</u> S	8
2.E.1- PREVENTIVO-CONSTRUCTIVAS	9
-EN FUNCIONAMENTO	9
-DE NOVA CREACIÓN	18
2.E.2 -PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	19
a.-VIA NORMATIVA	19
a.1.- NORMAS DE CONDUCTA	19
a.2.- PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR	27
a.3.- PROTOCOLO ABSENTISMO ESCOLAR	27
b.-VIA CONCILIADORA	28
-AULA CONVIVENCIA E MEDIACIÓN	28
b.1.-CONVIVENCIA:PROTOCOLO DE DERIVACIÓN A AULA DE CONVIVENCIA	29
b.2. -MEDIACIÓN: PROTOCOLO DE DERIVACIÓN A MEDIACIÓN	30
2.F- <u>RECURSOS</u>	33
3.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	34
- GLOSARIO	35



1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES Castro Alobre comezou a súa andaina no curso 1952-1953. Está situado no casco urbano do concello de Vilagarcía, fronte a capela de San Roque. Recibe esta denominación en homenaxe a un castro existente na vila con este nome.

A poboación de Vilagarcía de Arousa coñeceu un forte incremento; e é o oitavo concello máis poboado de Galicia, por detrás das sete cidades principais. A poboación total está por riba dos 36.000 hab. repartidos en 11 parroquias (Vilagarcía, Arealonga, Sobradelo, Sobrán, Carril, Cornazo, Bamio, Cea, Rubiáns, Fontecarmoa, Solobeira) das cales, practicamente catro ocupan a zona urbana.

O IES Castro Alobre, conta con dous edificios principais:

- EDIFICIO DE BACHARELATO:

Nel atópanse as ensinanzas de bacharelato, o Ciclo medio, a aula do P.C.P.I, e Xefatura de Bacharelato.

-EDIFICIO PRINCIPAL:

Nel están localizadas as ensinanzas de E.S.O, oficinas e despachos.

Estas instalacións constan de: 32 aulas de grupo, 2 aulas de Tecnoloxía, 2 aulas de Informática, 3 laboratorios (un de Física, un de Química e outro de Ciencias naturais), 4 aulas pequenas para desdobre, un Salón de actos, unha biblioteca, unha sala de profesores, dúas salas de recepción de pais, 5 despachos para o equipo directivo, 13 locais para os departamentos didácticos e dúas oficinas de administración.

Tamén dispón dun pavillón polideportivo, un campo de deportes. e cunha casa destinada antigamente a vivenda do conserxe, e que hoxe está destinada a sala de exposicións (a ANPA ten un despacho nesta casa).

A superficie útil de uso docente abarca uns 5.000 metros cadrados, sen incluír o pavillón, a casa, e a importante superficie exterior constituída polo monte, as pistas polideportivas e o patio escolar.

Respecto ó alumnado contamos neste momento con 789 estudantes repartidos entre ESO, Bacharelato, PCPI e o Ciclo de Coidados Auxiliares de Enfermaría

O alumnado procede na súa meirande parte, dos Centros educativos de infantil e primaria dos seguintes centros:

- CEIP A ESCARDIA -CEIP A LOMBA -CEIP AREALONGA

A maioría son de Vilagarcía e zonas periféricas (Trabanca, Cornazo, A Laxe, A Torre etc.)



O seu nivel económico e cultural é medio, medio-baixo, dándose casos de nivel baixo que cada vez máis numerosos.

Dun tempo a esta parte, foise incrementando o número de alumnado procedente do estranxeiro .

En canto ás ensinanzas de **ESO**, ademais dos grupos habituais, conta cun Programa de Diversificación Curricular en dous cursos (3º e 4º) e agrupamentos específicos nos seguintes cursos e materias:

- 1º ESO: Lingua Galega e Matemáticas.

- 2ºESO: Lingua Castelá e Matemáticas.

Ademais, hai dúas seccións bilingües: en Lingua Inglesa e Lingua Francesa. A Sección Bilingüe en Lingua Inglesa impártese, ademais de nesta materia, na área de Tecnoloxía, Educación Plástica e Visual, e en Educación Física. A Sección Bilingüe de Lingua Francesa, ademais de nesta materia, na área de Matemáticas.

As ensinanzas de **Bacharelato** impártense nas seguintes modalidades:

- 1ºBacharelato: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

-2ºBacharelato: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

Respecto o Programa de Cualificación Profesional Inicial está incluído na categoría de mixto, modalidade C.

Ademais:

O noso centro forma parte do **Proxecto Abalar**, polo que, tanto en primeiro como en segundo da ESO contamos con ordenadores para todo o alumnado.

Tamén estamos dentro do **Programa de mellora de Bibliotecas escolares**.

Durante o curso 2012-2013, o centro foi seleccionado pola Consellería de Educación para participar no **Proxecto COMBAS**

Así mesmo, estamos incluídos dentro dos **Programas educativos** (PROA e mellora de convivencia).

Relacionado con isto último, temos que destacar, que o noso, e un dos poucos centros de Galicia que contamos cun **Programa de Mediación** e unha **Aula de convivencia**.



2.- DESEÑO DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.A.- DIAGNOSE E XUSTIFICACIÓN DO PLAN

Durante o curso 2007-2008, desde o grupo de convivencia elaboráronse unhas enquisas para valorar o clima de convivencia no noso centro e distribuíronse a todos os sectores da comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias).

A resposta foi desigual, dependendo do grupo, pois mentres que a participación do alumnado foi masiva, porque se fixo nas titorías, a do profesorado chegou tan só ao 56%, baixando a porcentaxe na do persoal non docente e sendo testemuñal por parte das familias.

Posteriormente no curso 2008-2009, realizamos uns encontros “unilaterais”, todos eles moi satisfactorios, con representantes do alumnado, do persoal non docente e das familias, e nelas valoramos aspectos xa tratados nas enquisas do ano anterior, avaliando as medidas adoptadas desde o grupo de convivencia e desde a xefatura de estudos.

Cos resultados extraídos, elaboráronse e puxéronse en marcha unha serie de actuacións e medidas que pretendían aproximarnos cada vez mais a aquelas palabras que definirían ao tipo de centro ideal:

Agradable -Acolledor -Limpo -Responsabilidade -Educación
-Novo -Vixilancia

Coa intención de facer unha diagnose actual da situación da convivencia no centro, durante o curso 2013-2014, pasáronse unhas novas enquisas. Con elas, queríase valorar si as medidas adoptadas ata o momento foron efectivas, e a necesidade de introducir novos cambios.


En xeral a participación foi moi reducida (<15%), sobre todo no que respecta as familias, polo que non puidemos ter en conta os resultados.

Sen embargo, coa implantación do Sixa (consulta dos partes de incidencia aplicados ao alumnado), a observación por parte da Xefatura de estudos e profesorado, durante os cambios de clase, recreos, horas de atención educativa e gardas, puidemos extraer información relevante en materia de convivencia.

A continuación aparecen os aspectos mais relevantes, e nos que debemos seguir incidindo.

-Conduitas de amabilidade e cortesía: Cada vez mais, podemos observar nalgún alumnado o uso de condutas de cortesía: Dar os bos días, ou petar na porta antes de entrar. O reto agora, é que estas condutas se xeneralicen entre toda a comunidade educativa.

- Atención individualizada: O alumnado repetidor, con 16 anos ou sen motivación, que en moitos casos é protagonista de condutas disrutivas, ten



inquietudes sobre as opcións de estudo. Por este motivo, o Dep. de orientación deberá darse a coñecer entre o alumnado como un lugar no que pode consultar todas aquelas dúbidas sobre o seu futuro académico, profesional, e persoal, e non soamente coma o departamento no que se atende ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

-Titorías: Dentro do P.A.T (Plan de acción tutorial), inclúense unha serie de actividades encamiñadas a mellora da relación entre alumnado, e respecto a comunidade educativa. É preciso seguir realizando este tipo de actividades, e ampliar a participación de entidades especialistas na materia.

- Conduas disrutivas dentro das aulas: As medidas correctoras e reeducadoras aplicadas complementáanse con traballos relacionados coa falta realizada: separación durante un tempo limitado dunha materia determinada, asistencia a aula de convivencia, mediación... Para o futuro, e coa aplicación das diferentes medidas, pretendemos seguir reducindo a incidencia de condutas deste tipo.

A aula A.T.I (aula de Traballo Individual), desaparece coa implantación da lei de convivencia (*lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*).

-Implicación das familias: As familias son sabedoras da conduta do seu fillo/a. Mediante o SIXA. Estas reciben puntualmente, a través do móbil ou e-mail (si dispoñemos deles) unha mensaxe na que se lles informa da aplicación ao seu fillo/a dun parte de conduta. Con este sistema, pretendemos implicalas na mellora da conduta do alumnado.

Un reto para o futuro será por en marcha unha escola de familias co apoio da AMPA e entidades locais.

-Participación do alumnado: Non se considera axeitado a existencia de alumnado vixiante como tal. O alumnado asumiría unha labor excesiva que lle podería traer consecuencias negativas na relación co resto dos compañeiros/as. Debemos seguir formando e animando ao alumnado a que si é coñecedor dalgunha situación contraria as normas, ou que afecta negativamente a algún alumno/a o poñan en coñecemento do profesorado, ou persoal competente (Xefatura de estudos, Dirección, Orientación), co fin de resolver a situación o mais axiña posible.

-Gardas: Na cafetería, parece que o alumnado vai asumindo as normas expostas, favorecendo a atención durante os recreos. Deixouse de ter profesorado que facía gardas neste lugar. Agora considerase preciso dispoñer de profesorado na ludoteca para velar polo bo uso deste espazo.

-Incorporación tardía do alumnado: Dende Xefatura de Estudos procurase que alumnos/as do grupo no que se inclúe, os axuden a integrarse. O resultado está sendo positivo. No caso de alumnado estranxeiro, consideramos importante que antes de incorporarse a clase correspondente, sexa avaliado polo Departamento de Orientación.



-Atención a diversidade: Tendo en conta os recursos dispoñibles, as medidas de atención a diversidade tentan abarcar ao maior número de alumnado posible. Estanse aplicando as medidas de atención a diversidade expostas no P.X.A.D.

Tendo en conta todo o sinalado, e que inda hai moito que facer, consideramos preciso seguir traballando en pos da convivencia tal e como nos a entendemos..

2.B.- DEFICIÓN DE CONVIVENCIA

“Convivencia é, segundo nós, a condición de relacionarse entre as persoas a través dunha comunicación permanente fundamentada no afecto, respecto e tolerancia que permita compartir e Convivir en harmonía cos demais nas diferentes situacións da vida”.

2.C.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan será toda a comunidade educativa, e dicir:


- Alumnado.
- Profesorado.
- Familias.
- Persoal administrativo.
- Conserxes.
- Persoal de limpeza.

7

2.D.- OBXECTIVOS

●OBXECTIVOS XERAIS

- Implicar ás familias e ao entorno social do centro no proceso educativo.
- Mellorar o ambiente do centro impulsando a participación, o respecto, a colaboración e a sensibilización.
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)
- Fomentar o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas.



● **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

● Para o centro:

- 1.- Implicar a toda a comunidade educativa no coidado do entorno escolar.
- 2.- Consensuar e asimilar as normas reforzando o seu cumprimento.
- 3.- Respetar as diferenzas (raza, sexo, sociais, relixiosas,...) e fomentar o diálogo e o acordo na resolución construtiva de conflitos.
- 4.- Potenciar, dende a acción titorial, todas aquelas actividades que favorezan a sensibilización da comunidade educativa en valores como respecto mutuo, orde e solidariedade.

● Para o alumnado:

- 1.- Promover a implicación do alumnado na definición dun Protocolo de Convivencia no centro, consensuando e asimilando as normas.
- 2.- Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, prevención e control dos conflitos de convivencia no centro.
- 3.- Dotar ao alumnado de competencias que lle axuden ao seu desenvolvemento persoal e social.
- 4.- Integrar ao alumnado no seu grupo e na comunidade educativa.

● Para as familias:

- 1.- Apoiar na difusión dos valores educativos fomentados dende o centro.
- 2.- Dotar ás familias de recursos para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación, sensibilizándose ao mesmo tempo sobre a importancia da prevención de condutas violentas.
- 3.- Manter relacións de colaboración coas familias e con entidades do entorno para potenciar o desenvolvemento cultural/educativo da comunidade.
- 4.- Promover unhas relacións fluídas de diálogo e entendemento mutuo entre as familias e o centro.

8

2.E.- **ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS**

● **PREVENTIVO-CONSTRUTIVAS**

EN FUNCIONAMENTO:

- 1.- Actividades deportivas
- 2.- Campionato de xadrez
- 3.- A cafetería espazo de convivencia
- 4.- Castro Alobre, Castro Amable
- 5.- O centro somos todos, coidémolo



- 6.- “O Consello Escolar necesítate participa”.
- 7.- Ludoteca
- 8.- Premios de convivencia
- 9.- Actividades para o alumnado que se incorpora en 1º de E.S.O e campaña informativa para as súas familias
- 10.- Benvinda ao profesorado novo
- 11.- Plan de Acción Titorial (P.A.T)

DE NOVA CREACIÓN : Posta en marcha nos próximos cursos

- 1.- Radio Escolar.

● **PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

- 1.- Vía normativa: Normas de organización e funcionamento (NOF):
 - a.-Normas de conduta
 - b.-Protocolo ante acoso escolar.
 - c.-Protocolo de absentismo escolar
- 2.- Vía conciliadora:
 - a.-Aula de Convivencia e mediación
 - a.1.-Convivencia: Protocolo de derivación a Aula de Convivencia
 - a.2-Mediación: Protocolo de derivación a mediación

9

2.E.1.- **ACTIVIDADES PREVENTIVO-CONSTRUCTIVAS:**

● **EN FUNCIONAMENTO**


1-**ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS RECREOS**

Desde hai xa algúns anos, nos recreos, no pavillón, véñense desenvolvendo diferentes actividades deportivas con grande aceptación por parte do alumnado, principalmente masculino. Todos os recreos hai un profesor/a de educación física encargado destas actividades.

OBXECTIVOS:

- 1.- Previr conflitos entre o alumnado nos recreos.
- 2.- Promover a actividade física como hábito saudable na vida das persoas.
- 3.- Potenciar as comunicacións interpersoais e grupais promovendo o encontro e con isto: sociabilidade, solidariedade responsabilidade e respecto.

Os deportes que se practican son as seguintes:



ACTIVIDADES
-Bádminton
-Tenis de mesa
-Fútbol
-Baloncesto
-Voleibol

2.- CAMPIONATO DE XADREZ

Durante os recreos e no vestíbulo do instituto, estanse a realizar cada curso un campiónatos de xadrez, habendo un profesor/a o encargado. O resultado está sendo satisfactorio, e cada vez hai mais alumnado que quere participar.

OBXECTIVOS:

- Dar unha alternativa diferente de entretemento ao alumnado durante os recreos.
- Desenvolver no alumnado o razoamento lóxico e matemático, a planificación e anticipación.
- Favorecer a interiorización de normas e respecto ao rival.

NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

- Durante o 1º trimestre o alumnado aprende e práctica coa axuda do profesorado responsable.
- En xaneiro o alumnado interesado inscríbese no campionato.
- Unha vez finalizado o período de inscrición comeza o campionato. Cada participante xoga cun contrincante, resultando eliminado aquel que perda. Cando quedan catro, cada un deles, xoga contra o resto e aquel que teña mais puntos será o gañador do campionato.

Outorgaranse tres premios: 1º, 2º e 3º.

3.- CAFETARÍA: ESPAZO DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS

- 1.- Facer da cafetería un espazo habitable durante os recreos.
- 2.- Reducir os conflitos que se podan producir durante ese período.
- 3.- Inculcar no alumnado valores como a orde e o respecto mutuo, para o bo funcionamento dos espazos públicos.
- 4.- Conseguir que a cafetería manteña esta orde sen a presenza de profesorado de forma permanente.



NORMAS DE UTILIZACIÓN

Dende a dinamización de convivencia decidimos arbitrar unhas normas de utilización desde finais do curso 07-08 e que foron aprobadas polo consello escolar en outubro de 2008. Estas normas, que rexen na actualidade, son as seguintes:

- 1.- Respecta a cola para que te atendan.
- 2.- Pide como máximo tres produtos. Pensa nos demais.
- 3.- Procura falar cun ton moderado.
- 4.- Respecta as indicacións do profesorado encargado e do persoal non docente.
- 5.- Aténdese ao alumnado exclusivamente nos recreos. Nunca nos intercambios de clase.
- 6.- Sèrvense cafés e infusións despois de transcorridos 10 minutos do inicio do recreo

4.- CASTRO ALOBRE CASTRO AMABLE

OBXECTIVOS:

- 1.- Inculcar no alumnado valores como o respecto mutuo, para conseguir unha mellora nas relacións interpersoais.
- 2.- Aprender a respectar o traballo dos demais cando unha persoa chega tarde.
- 3.- Facer do bo trato un valor imprescindible para mellorar a convivencia.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

O alumnado realizará tarefas encamiñadas ao uso de condutas de cortesía, durante as sesións de titoría.

5.- O CENTRO SOMOS TODOS COIDÉMOLO

OBXECTIVOS:

- 1.- Implicar a toda a comunidade educativa na limpeza, orde e mantemento das instalacións do centro.
- 2.- Concienciar ao alumnado e profesorado da importancia do coidado dos lugares públicos, en particular o noso Centro.
- 3.- Respectar o mobiliario e o edificio como se fose algo propio.
- 4.- Fomentar o traballo en equipo, obtendo así un maior rendemento cun menor esforzo.



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

Esta campaña consiste, en xeral, na orde e limpeza do Centro, tanto nas instalacións exteriores como nas interiores. Algúns dos traballos que se realizan son os seguintes:

- Recoller os papeis dos corredores.
- Ordenar a cafetería (papeis, cadeiras, mesas)
- Recoller papeis nos soportais do exterior que se tiran durante o recreo.
- Limpar as mesas da aula.
- Ordenar as cadeiras da biblioteca.
- Ordenar as mesas e cadeiras da súa aula.
- Recoller os papeis da aula e os que están tras os radiadores.
- Ordenar os armarios das aulas.
- Ordenar os bordes das ventás e os ocos dos armarios.
- Colocar ben os percheiros, se é que están tortos.
- Actualizar a cortiza da súa clase e colocar ben os papeis.
- Ordenar e actualizar as cortizas dos corredores.
- Ter e usar unha caixa de reciclaxe de papel.

O traballo desenvólvese nas horas de titoría nos cursos de ESO, despois de que a coordinación de convivencia elabore e faga chegar o horario ao profesorado titor de xeito que teñan establecido o día e a hora.

12

6.- “O CONSELLO ESCOLAR NECESÍTATE. PARTICIPA”

OBXECTIVOS.

- 1.- Implicar ao alumnado nos órganos de goberno do instituto.
- 2.- Mostrar como é o organigrama de funcionamento dun centro de ensino.
- 3.- Facer reflexionar sobre a importancia da representación de todos os sectores da comunidade educativa no consello escolar.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Esta campaña desenvolverase nas horas de titoría, e na xunta de delegados cada dous anos, coincidindo coa celebración das eleccións ao consello escolar. Nestas sesións informaráselles do que é, quen o forma, como, cando ...

7.- LUDOTECA

“Non todo é xogo, pero o xogo é parte de todo”



Segundo a etimoloxía, a palabra ludoteca vén do latín «ludos» que significa xogo.

A ludoteca pretende ser un xeito de ofrecer un espazo alternativo a todo aquel alumnado que, por diversas razóns (etnia, orixe...), non acadan un índice de socialización que lles permita a integración na parte da comunidade educativa á que pertencen, o alumnado. Non acoden ao patio como a maioría dos compañeiros/as, quedando na entrada do instituto, sentados nas escaleiras, agardando a que toque o timbre de entrada nas aulas.

Este período é, polo tanto, un tempo baleiro que consideramos podía encherse cunha oferta de diversos xogos e actividades de entretemento, que cumprirían as seguintes funcións:

- 1.- Función recreativa: A ludoteca como un espazo de xogo e, como tal, de diversión e goce para os seus usuarios.
- 2.- Función educativa: O xogo é un mecanismo de aprendizaxe innata debido ao clima que provoca e as actitudes que fomenta, tratándose dun recurso pedagóxico atractivo.
- 3.- Función integradora: Observamos que nas novas xeracións se perde o sentimento de pertenza a un grupo, polo que a planificación deste espazo comunitario propicia procesos relacionais e culturais, potencia as habilidades sociais, promovendo o xogo como un medio de socialización e de aceptación do outro.

OBXECTIVOS:

- 1.- Rescatar os espazos, os medios e o tempo para xogar.
- 2.- Recoñecer a importancia da actividade lúdica para o desenvolvemento humano (intelectual, psico-afectivo e motriz).
- 3.- Propiciar novos tempos de interacción que possibiliten as comunicacións interpersoais e grupais, promovendo o encontro e con isto: sociabilidade, solidariedade, responsabilidade e respecto.
- 4.- Axudar a previr o conflito.

RECURSOS:

- Xogos de mesa: un xadrez, un xogo de damas, un parchís, un xogo da oca.
 - Xogos de memoria: Cifras e letras
 - Xogos de estimulación: xogos matemáticos
 - Xogos educativos: Trivial xeral, Trivial galego, Pasapalabra.
 - Quebracabezas.
 - Organización de talleres diversos:
 - Outros (aportado pola biblioteca e os departamentos didácticos):
 - Revistas de temática diversa
 - Cómics.
- Mobiliario:
- Tres mesas con doce cadeiras.
 - Un moble para gardar o material.
 - Pantalla de televisión.



AVALIACIÓN:

Os indicadores para avaliar serían enquisas valorativas entre os usuarios da ludoteca, nas que se valoraría a consecución dos obxectivos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

1. Responsable do control:

- Un coordinador da Dinamización de convivencia, que se encargará de atender as demandas e suxestións.

2.- Uso da ludoteca:

Está a disposición de todo o alumnado do centro durante os recreos (11:00-11:25 todos os días / 13:05- 13:20 luns e martes).

- En caso de furto ou danos de xogos, revistas, cómics..., faranse responsables os rapaces que os utilicen.

3. Normas da ludoteca

- 1.- Cinco minutos antes de que toque o timbre recolleranse e gardaranse de forma ordenada os xogos utilizados no armario.
- 2.- Os xogos utilizados serán tratados co máximo coidado para que non se estraguen
- 3.- A ludoteca é un lugar onde se ven xogar sen molestar a ninguén.
- 4- O espazo e mobiliario da ludoteca manterase limpo, ordenado e en bo estado.

-Correccións: A aqueles que non cumpran estas normas poderáselle aplicar as seguintes correccións:

- Sendo amoestados polo equipo de convivencia.
- Tendo que recoller os xogos, e ordenar os armarios.
- Limpendo o mobiliario e o espazo da ludoteca
- Tendo que repoñer o material estragado.
- Tendo o acceso restrinxido a ludoteca durante un tempo.


8.- PREMIOS DE CONVIVENCIA

1.- Premio a convivencia:

- Aquel grupo que durante o trimestre (desde o 1 de OUTUBRO) non teña ningún aviso de incidencia ou teña menos..

2.- premio á clase mais limpa e ordenada:

- O xurado, composto polo persoal de limpeza, e un comité formado por



profesores, persoal administrativo e conserxes, outorgará cada semana (desde o 1 de outubro) unha puntuación do 1 ao 10 aos distintos grupos da ESO. Na última semana de clase, aquel curso que teña unha maior puntuación será o gañador.

- Terase en conta que o chan da clase quede limpo de papeis, as mesas ordenadas e limpas, as cadeiras enriba das mesas ao final da xornada, o radiador libre de papeis, a decoración da aula, etc...

3.- Premio á clase máis puntual:

- Neste terceiro premio teranse en conta tanto as faltas de puntualidade coma as de asistencia non xustificadas anotadas no SIXA polo profesorado.
- O cómputo das faltas para o premio iníciase o 1 de outubro
- Será merecedor deste premio o grupo que durante o último trimestre non teña, ou teña menos, faltas de puntualidade e asistencia non xustificadas.

En caso de empate, serán gañadores aqueles cursos que obteñan unha maior puntuación nas tres categorías conxuntamente.

IMPORTANTE: CADA TRIMESTRE FARASE PÚBLICA UNHA CLASIFICACIÓN COS CINCO PRIMEIROS CURSOS EN CADA CATEGORÍA. Exporanse nas aulas.
Os premios en cada categoría consistirán en:

- Diploma
- Mención especial na acta do claustro e consello escolar de final de curso.
- Pinchos na cafetería (tortilla, auga e refrescos) ao final de curso para o grupo e a súa titora ou titor.

9.- ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO QUE SE INCORPORA EN 1º DE ESO E CAMPAÑA INFORMATIVA PARA AS SÚAS FAMILIAS


Trátase de facilitar a incorporación ao Centro do alumnado de 6º de Primaria procedente dos colexios adscritos:

“A Lomba”, “Arealonga” e “A Escardía” .

Dita incorporación é necesaria facilitala desde unha dobre perspectiva :

- A do propio alumnado: co obxectivo de buscar a súa inmediata adaptación a un novo centro educativo que funciona cunha dinámica diferente .
- A das súas familias: co obxectivo de informar dos cambios que se van atopar os seus fillos e fillas nesta nova etapa educativa.

a.-CAMPAÑA INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 6º DE Ed. PRIMARIA (centros adscritos)



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.- Contacto coa Dirección dos colexios adscritos para concretar as datas das reunións. .
- 2.- Envío dunha circular aos colexios na que se concreta a data e o contido da CHARLA
- 3.- Dita charla incluírá necesariamente:
 - a.- Información sobre as ensinanzas e funcionamento do Centro, medidas de atención a diversidade. Ademais daqueles outros aspectos que as familias demanden ou queiran consultar.
 - b.- Información sobre datas de reserva de prazas e matrícula, así como outros aspectos relevantes.

b.- ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA:

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.- Posta en contacto cos colexios para concretar as datas nas que o alumnado de 6º de Primaria acudirá ao Centro .
- 2.- Xornada de acollida:
 - a.- Chegada ao Centro, acompañados do profesorado de 6º de Ed. Primaria.
 - b.- Recibimento por parte do equipo directivo no salón de actos.
 - c.- Visita a diferentes instancias do centro..
 - d.- Participación nunha actividade de acollida que o centro preparará con motivo de dita visita.
 - e.- Despedida.

16

c.- ACOLLIDA AO ALUMNADO NOVO UNHA VEZ COMEZADO O CURSO:

OBXECTIVOS:

- 1.- Favorecer a rápida integración do alumnado novo no centro.
- 2.- Fomentar a interacción persoal entre o alumnado evitando que se sintan illados.
- 3.- Favorecer un bo ambiente escolar para que os novos alumnos e alumnas se sintan ben recibidos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.-Entrevista do alumno/a e a familia co Director/a ou Xefe/a de estudos. Nesta entrevista, ademais de valorar a posibilidade ou non da matrícula do alumno/a, informarase sobre as normas do centro, material escolar necesario e transporte escolar.
- 2.-Derivación ao Dep, de orientación: Levarase a cabo unha avaliación psicopedagóxica, previa autorización da familia ou titoría legal para a



adscrición a un nivel educativo e/ou aplicación das medidas mais axeitadas en cada caso. Ademais, entregaralle unha carpeta onde se incluírá o horario do seu grupo, o material escolar que o alumno/a necesitará traer para cada materia, horario de atención a familias por parte do seu titor/a, resto do profesorado, así como o horario de atención do. Dep. Orientación, normas do centro e un esquema sobre o sistema educativo español e as posibilidades académicas profesionais ao rematar o ensino. Finalmente, realizarase unha visita as instalacións do centro.

3.-Matriculación nas oficinas do centro.

4.-Adscrición do alumno/a a un nivel educativo. Preferiblemente a introdución do alumno/a farase nunha hora de tutoría ou materia impartida polo profesorado titor/a

10.- BENVIDA AO PROFESORADO NOVO

OBXECTIVOS:

- 1.- Favorecer a rápida integración do profesorado novo na dinámica do centro.
- 2.- Fomentar un ambiente agradable entre os compañeiros/as, e tratar que os novos se sintan ben recibidos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

- 1.- Toma de posesión en Secretaría.
- 2.- Entrega en xefatura de estudos (ou polo cargo directivo de garda) da chave das aulas e dunha carpeta que incluírá: horario, listas e fotos do alumnado por grupos, normas do centro, planos dos dous edificios, folletos da nosa oferta educativa. Tamén se lle informará sobre as datas de inicio das actividades lectivas e as reunións previstas.
- 3- Presentación do xefe/a do departamento didáctico ao que pertence e os/as integrantes do mesmo. Estes serán os encargados de amosarlle as instalacións, e presentarlle ao profesorado docente, administrativos e conserxes, así como axudalo naquelas dúbidas que lle vaian xurdindo.
- 4.-A maiores, no caso do profesorado substituto, este poderá incorporarse ás clases no día da toma de posesión ou no seguinte. Unha vez feito este requisito, facilitaráselle o número de teléfono do profesor/a a substituír.

11.- P.A.T*

O Plan de acción tutorial en materia de convivencia, pretende formar ao alumnado en valores, e na adquisición de Habilidades sociais, que lle sirvan para a vida., e dicir:

-ENSINAR A CONVIVIR



- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e na vida do centro fomentando actitudes participativas.
- Respectar as normas de convivencia, compañeiros e compañeiras, profesorado, etc.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade e o traballo en grupo, respectando as regras.

-ENSINAR A SER PERSOA

- Educar ao alumnado na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o seu desenvolvemento moral e a adquisición de valores.
- Desenvolver no alumnado un xuízo crítico e razoado.
- Ensinarlles a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima.
- Tolerar, valorar e respectar as diferenzas individuais.
- Aprender a desterrar actitudes e comportamentos de intolerancia.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.

Para elo, nas sesións semanais de titoría que ten cada curso da E.S.O, os titores poden realizar actividades relacionadas coa convivencia plasmadas na documentación que se lles entrega ao inicio de curso, e solicitar ao Departamento de orientación o tratamento dun tema en particular.

No P.C.P.I, e en horas postas a disposición por parte do profesorado de Bacharelato e Ciclo Formativo Medio (TCAE) lévanse a cabo actividades solicitadas polo profesorado.

- Algunhas destas poden ser:
 - Charlas sobre dignidades e respecto.
 - Charla sobre Resolución de conflitos.
 - Charla sobre o maltrato entre iguais.
 - Etc

***Para saber mais ver P.A.T**

● DE NOVA CREACIÓN

1.- RADIO ESCOLAR

No centro dispónse do material axeitado para pola en marcha, xa que, hai tempo, esta actividade desenvólvese durante os recreos.

OBXECTIVOS:

- Mellorar a convivencia no centro.
- Fomentar a colaboración e o coñecemento entre o alumnado.
- Dar a coñecer ao conxunto do alumnado das diversas actividades que se



- levan a cabo no centro, e fomentar a participación nelas.
- Incrementar os valores de cidadanía para fomentar a mellora do clima na comunidade educativa.
 - Ampliar as competencias e coñecementos do alumnado.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.- Farase unha sondaxe para coñecer o interese por esta actividade.
Si é o caso:
- 2.- Dende o equipo directivo, buscarase a un profesor/a voluntario, con coñecementos sobre a materia que se faga cargo de abrir e pechar o lugar no que se instale a radio escolar, e orientar ao alumnado responsable..
- 3.- A través das titorías, o alumnado escollera o nome da radio escolar do centro..
- 4.- Escollerase ao alumnado para formar o grupo de locutores. Redactores, entrevistadores.... Terase en conta o nivel de responsabilidade do alumnado.
- 5.- O grupo de alumnos/as, profesor/a encargado e algún membro do equipo directivo, e dinamización de convivencia, estableceran os contidos da radio escolar durante o curso.
- 6.- Os diferentes departamentos poderán colaborar, difundindo a través da radio actividades, traballos e experiencias realizadas...

2.E.2.- PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

19

- a.- Vía normativa: Normas de organización e funcionamento (NOF):
 - a.1.- Normas de conduta.
 - a.2.- Protocolo ante acoso escolar.
 - a.3.- Protocolo de absentismo escolar.
- b.- Vía conciliadora:
 - .- Aula de Convivencia e mediación.
 - b.1.- Convivencia: Protocolo de derivación a Aula de Convivencia.
 - b.2.- Mediación: Protocolo de derivación a mediación.

2.E.2.- PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

a.- VÍA NORMATIVA NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF):

a.1.- Normas de conduta:

NORMAS DE CONVIVENCIA

INTRODUCCIÓN



As normas de convivencia do centro terán como principal obxectivo concretar os deberes do alumnado e establecer as correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas. Estas correccións deben ter un carácter educativo e recuperador, garantindo o respecto aos dereitos do resto do alumnado e profesorado e procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Serán obxecto de corrección, as faltas contrarias ás normas de convivencia cometidas polo alumnado durante o horario lectivo en calquera das dependencias do centro ou no desenvolvemento das actividades extraescolares.

Así mesmo, poderán corríxirse aqueles actos do alumnado que, aínda realizados fóra do horario lectivo e do recinto escolar, afecten aos seus compañeiros ou outros membros da comunidade educativa. Considerarase o diálogo como o primeiro medio para a resolución dos conflitos.

Non poderán imporse correccións que atenten contra a integridade física e dignidade persoal do alumnado; todas as medidas adoptadas deberán contribuír á mellora do seu proceso educativo.

NORMAS:

1.- O alumnado permanecerá no recinto escolar unha vez entre nel. Soamente poderá ausentarse cando o seu pai/nai, titor/a legal ou persoa autorizada, o veña buscar e cubra o documento pertinente.

2.- O alumnado, deberá xustificar as ausencias mediante os documentos axeitados (xustificantes de organismos ou institucións pertinentes). De non ser o caso, o seu pai/nai, ou titor/a legal deberá solicitar unha entrevista coa xefatura de estudos para xustificalas.

3.- Tratarase con respecto e dignidade a toda a comunidade educativa (alumnado, pais/nais, profesorado, persoal de administración, conserxes, e persoal de limpeza).

-Quedarán prohibida calquera manifestación de discriminación por razón de nacemento, sexo, raza, nivel intelectual ou social, ideoloxía, lingua, circunstancias persoais ...

-Quedarán prohibidos aqueles actos ou comentarios que atenten contra a sensibilidade da comunidade educativa (xestos, linguaxe, poñer alcumes, baixarse os pantalóns, realizar acusacións falsas ...).

- Estará prohibida calquera manifestación intimidatoria, ou agresión física, verbal, e/ou xestual contra calquera membro da comunidade educativa, xa sexa de forma directa ou indirecta (sms, blogs, páxinas webs, redes sociais ...). Tamén estará prohibido obrigar a outro a que as cometa.



- 4.- O alumnado fará uso da documentación educativa de forma axeitada.
- Estrará prohibida a usurpación, da personalidade, falsificación, manipulación ou subtracción de información académica. Así mesmo, o alumnado estará obrigado a amosar as familias e profesorado a información ou comunicacións dirixidas a eles.
- 5.- Asistirase ao centro escolar cunha vestimenta e decoro axeitados a actividade escolar.
- Estará prohibido ter posta a viseira ou capucha durante as clases.
- 6.-Estará prohibido traer obxectos, sustancias ou produtos que ocasionen molestias ou danos a comunidade educativa.
- 7.- Estrará prohibido fumar e consumir alcohol e drogas en todo o recinto escolar e actividades extraescolares e complementarias. Tamén estará prohibido posuír, traficar e incitar ao consumo destas e outras sustancias que atenten contra a saúde.
- 8.-O móbil, aparellos electrónicos e/ou informáticos, estarán prohibidos. Soamente poderán utilizarse aqueles que sexan necesarios para algunha actividade escolar. Estes deberán ser utilizados na presenza do profesorado, que velará polo seu bo uso.
- 9.- Tratarase de forma coidadosa o material, mobiliario e instalacións do centro, así coma os bens de calquera membro da comunidade educativa.
- 10.- Farase uso dunha linguaxe, e normas básicas de conduta amabilidade e cortesía:
- Dar os bos días, grazas, por favor...
 - Petar na porta antes de entrar
 - Deixar saír antes de entrar nunha estancia
 - Manter un ton de voz, xestos e linguaxe axeitados...
- 11.- O alumnado permanecerá nas aulas entre clase e clase. Soamente poderá saír das aulas cando se teña que desprazar a outras estancias (Ximnasio, Aula de Educación Plástica, aula de tecnoloxía música ...), ou o profesorado así o dispoña.
- 12.- O alumnado estará sentado correctamente e no sitio que o profesorado dispoña, non podendo cambiarse por propia iniciativa.



13.- O alumnado permanecerá atento e en silencio durante as explicacións do profesorado, as intervencións dos compañeiros e compañeiras, ou cando outras persoas estean falando.

14.- Cando o alumnado queira pedir algo, facer algún comentario, levantarse ... erguerá a man e esperará a que se lle atenda.

15.- O alumnado realizará as tarefas encomendadas polo profesorado durante as clases cunha actitude e posición de traballo.

-Estará prohibido realizar as tarefas de outra materia distinta a impartida nese momento, salvo que o profesorado así o permita.

16.- Será responsabilidade do alumnado traer o material necesario para as materias, e ter feitas as tarefas e exercicios para casa encomendados polo profesorado.

17.- O alumnado esperará ao remate da clase para gardar o material escolar..

18.- Poderase xogar naqueles momentos e lugares establecidos.

-Momentos: Recreos.

-Lugares: Patio, pavillón, e ludoteca.

-Estarán prohibidas as cartas e xogos de azar.

19.- Poderase comer, beber, ou mascar goma de mascar nos momentos e lugares dedicados a tal fin:

-Momentos: Recreos, conmemoracións e festexos.

-Lugares: Cafetería, patio. Ludoteca, Hall.

20.- O alumnado procurará ir ao servizo durante os recreos. Fora deste horario os baños permanecerán pechados.

No caso de necesitar ir ao baño durante as clases, o alumnado pedirá permiso ao profesorado quen será o que decida se o deixa ir ou non.

Si é o caso, solicitarase a chave ao profesorado de garda, xefatura de estudos ou conserxería, e antes de volver a aula, pecharase a porta e devolverase a chave.

A transgresión destas normas, darán coma resultado a tipificación de tres tipos de faltas: leves, graves, e moi graves.


TIPIFICACIÓN DE FALTAS

1. Faltas leves

2. Faltas graves

3. Faltas moi graves

Para aplicar as sancións e corrixir condutas, SEMPRE se introducirá, por parte do profesorado afectado, o aviso de incidencia no SIXA.



SÓ NO CASO NO QUE ALUMNO/A SEXA ENVIADO Á XEFATURA, se cubrirá a maiores o parte por escrito, entregándollo ao delegado/a, quen acompañará ao expulsado á xefatura.

FALTAS LEVES


1. Alterar o normal desenvolvemento das clases con accións, actitudes, xestos ou palabras:
 - a- Falar de xeito inoportuno (a miúdo cos compañeiros/as de clase, ou cando o está facendo outra persoa na aula).
 - b- Estar despistado e non atender ás chamadas de atención do profesorado.
 - c- Escribir e enviar notas.
 - d- Entrar sen pedir permiso e non facer uso da formas básicas de educación: bos días, grazas, por favor.
 - e- Espreguizarse ou adoptar outra postura incorrecta.
 - f- Cambiar a orde de colocación feita polo profesorado titor ou profesor da materia.
 - g- Levantarse no medio da clase sen permiso.
 - h- Solicitar ir ao servizo reiteradamente.
2. Mascar goma de mascar na clase, e comer caramelos.
3. Ter a viseira ou capucha posta na aula.
4. Decoro na vestimenta, e adecuación da mesma ao contexto escolar.
5. Gardar o material antes de que remate a clase.
6. Permanecer nos corredores, vestíbulos e aseos durante os cambios de clase.
7. Non traer o material necesario nin as tarefas realizadas.

FALTAS GRAVES


8. Incumprimento de sancións por faltas leves.
9. Reincidencia de faltas leves (tres).
10. Dar portazos, golpes e bocexar de xeito sonoro.
11. Eructar, asubiar, berrar na clase, baixarse os pantalóns.
12. Facer uso dunha linguaxe e xestos bastos.
13. Interromper ao profesorado con comentarios inadecuados e/ou facer preguntas de xeito insistente con ánimo de retrasar.



14. Falar, repetidamente, en voz alta, cos compañeiros/as.
15. Pasividade e falta de interese nas aulas.
16. Molestar aos compañeiros/as mentres traballan.
17. Pronunciar comentarios despectivos sobre as tarefas encomendadas.
18. Realizar actividades doutras materias ou estudar para estas.
19. Soster acusacións falsas.
20. Ser intolerante coas opinións alleas.
21. Tirar obxectos de forma intencionada ao chan (papeis, plásticos, latas de bebida, restos de comida, etc...) e/ou cuspir en calquera dependencia do centro.
22. Vociferar desde as clases cara o exterior e/ou lanzar obxectos.
23. Uso de videoxogos, reprodutores de música, MP3, MP4, aparatos de Música ou similares dentro das instalacións educativas pechadas.
24. Uso do teléfono móbil en todo o recinto escolar.
25. Colgar fotos realizadas no centro (dependencias, persoal, alumnado) nas redes sociais, blogs, páxinas web...
26. Comer e/ou beber dentro do edificio, a excepción de auga.
27. Xogar ás cartas ou calquera outro xogo de azar dentro das instalacións educativas.
28. Fumar dentro do recinto escolar.
29. Uso dos punteiros con láser.
30. Ausentarse do centro sen autorización.
31. Faltas de asistencia e de puntualidade reiteradas sen xustificación.
32. Perturbar a actividade académica desde o exterior das aulas.
33. Utilización das novas tecnoloxías de xeito non apropiado, con especial Atención aos contidos non axeitados, contrarios á educación en valores.



34. Incumprimento de sancións por faltas graves.
35. Reincidencia de faltas graves (tres).
36. Actos que produzan intimidación (inclúense novatadas), injurias, ofensas e ameazas a calquera membro da colectividade escolar, ou incitación ás mesmas. Serán punibles as discriminacións por razón de nacemento, sexo, raza, nivel social, ideoloxía, relixión, lingua, así como por discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
37. Agresións físicas ou morais a calquera membro da comunidade escolar, ou a indución a terceiros a cometelas.
38. Substracción e/ou danos graves causados nos espazos interiores e exteriores do recinto, en documentos do centro ou nos bens de calquera membro da comunidade educativa.
39. Realizar fotografías e tomar imaxes no centro, con fins alleos á actividade educativa e contrarios á educación en valores.
40. A usurpación de personalidade en actos da vida docente.
41. A falsificación, manipulación ou substracción de documentos académicos (comunicación de faltas, boletíns de cualificacións, exames...).
42. Non amosar á familia ou ao profesorado, información ou comunicados dirixidos a eles.
43. Colgar fotos realizadas no centro (dependencias, persoal, alumnado) nas redes sociais, blogs, páxinas web..., acompañadas de comentarios ofensivos e injuriosos.
44. Posuír, traficar e consumir (ou incitar), de alcohol ou drogas dentro do recinto escolar e na realización de actividades complementarias e extraescolares.
45. Traer obxectos, sustancias ou produtos que ocasionen molestias ou danos á comunidade educativa.
46. Actitudes que amosen insolencia e falta de respecto ao profesorado, así como mentir e non acatar as súas ordes en distintas situacións producidas no centro.




<u>TIPIFICACIÓN DE FALTAS</u>		
FALTAS LEVES	FALTAS GRAVES	FALTAS MOI GRAVES
1 (a-h) 2,3,4,5,6,7	8-33	34-46

CORRECCIÓNS

Cando se incorra nalgunha das faltas anteriormente expostas, poderase aplicar unha ou varias das correccións que a continuación aparecen:

<u>CORRECCIÓNS</u>	
FALTAS LEVES 1 (a-h) 2,3,4,5,6,7	<ul style="list-style-type: none"> - Amoestación privadas. - Pedir desculpas a persoa/as afectadas. - Posta dun parte de conduta leve. - Copia das normas transgredidas. - Realización dunha tarefa relacionada falta cometida.
FALTAS GRAVES 8-33	<ul style="list-style-type: none"> - Posta dun parte de conduta grave - Derivación a Xefatura de Estudos. - Pedir desculpas a persoa/as afectadas. - Comunicación as familias. - Presencia do pai/nai-titor/a en Xefatura de Estudos ou Dirección. - Realización dunha tarefa relacionada coa falta cometida. - Arranxo, restitución ou pagamento dos danos provocados. - Subtracción do obxecto, aparello utilizado. - Expulsión de cómo mínimo tres días.
FALTAS MOI GRAVES 34-46	<ul style="list-style-type: none"> - Posta dun parte de conduta moi grave. - Derivación a xefatura de Estudos. - Pedir desculpas a persoa/as afectadas. - Comunicación as familias. - Presenza do pai/nai-titor/a en Xefatura de Estudos ou Dirección. - Realización dunha tarefa relacionada coa falta cometida. - Arranxo, restitución ou pagamento dos danos provocados. - Subtracción do obxecto, aparello utilizado. - Expediente disciplinario. - Expulsión de mais de tres días..



a.2.-Protocolo ante acoso escolar*


- 1.- Nun primeiro contacto, farase unha entrevista ao alumno ou alumna posiblemente acosado/a por parte da Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación, coa fin de acadar información.
- 2.- Avisarase á familia do alumno ou alumna anterior para poñer no seu coñecemento o que está acontecendo.
- 3.- Farase unha reunión co titor ou titora para acadar datos obxectivos e, de ser preciso, unha posterior coa xunta de avaliación. Tamén se poderá falar con compañeiros/as de clase para ratificar ou refutar a situación, e coñecer aos posibles acosadores/as.
- 4.- Cando se cree que a situación de acoso é real, Pasaráselle un test sobre Bullying a posible vítima para confirmar o posible acoso -“bullyingo test”-.
- 5.-Cando se teña información concreta dos posibles acosadores ou acosadoras serán entrevistados polo Director, Xefa de Estudos e Orientadora, e tamén se informará ás familias dos mesmos.
- 6.-Haberá un modelo de fichas de rexistro na que se recollerán os datos relevantes de todas as reunións (Solicitud de demanda- Entrevista familia/titoría legal-Entrevista co alumno/a presuntamente acosado/a- Entrevista co alumnado presuntamente acosador-Aplicación de probas- Entrevista co profesorado do alumno/a presuntamente acosado- Entrevista cos compañeiros/as do alumno/a presuntamente acosado/a-informe final ..
- 7.-O Director do centro poñerá en coñecemento da Inspección Educativa o Caso, e convocarase ao Observatorio de Convivencia do Consello Escolar para expor o acontecido.
- 8.-A investigación levarase a cabo por parte da Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación, e no caso de ter probas concretas, abriráselle un expediente disciplinario aos que actúen como acosadores/as, o cal resolverá o xuíz instrutor correspondente.

*Para mais información consultar NOF

a.3.-Protocolo de absentismo escolar*

Cando un alumno/a presenta unha importante faltas de asistencia.

- 1.- Convócase unha reunión entre o pai/nai /titor/a legal do alumno/a, o titor/a xefatura de estudos, e orientación, onde se lle explicará a situación e a necesidade de xustificar as faltas de asistencia mediante a documentación axeitada (entidade ou organismo competente), e os risco de apertura de expediente de non facelo, en dez días. (Anexo I).
- 2.- Da reunión levantarase unha acta. Nela reflexarase a asistencia da persoa convocada, situación que pode ser a causante das faltas, posibles solucións, e acordos. Tamén se deixará constancia si a nai/pai titor/a legal non acude a reunión (anexo II)
- 3.- Si as faltas son xustificadas correctamente, o proceso parálizase. No caso



de non comparecencia por parte do pai/nai, titor/a legal ou non xustificación ou xustificación inadecuada, iníciase a apertura de expediente de absentismo (Anexo III).

4. O orixinal da notificación do expediente de absentismo gardarase no expediente do alumno/a, e mándase unha copia a Inspección educativa e ao concello (Departamento de Servizos sociais).

*Para mais información consultar NOF

b.- VÍA CONCILIADORA

• Aula de Convivencia e mediación

A creación das Aulas de Convivencia xorde, como unha necesidade de dar resposta á atención educativa que require a diversidade do alumnado dos centros educativos.

Formúlase como unha medida para intentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na convivencia e, con iso, mellorar o clima de convivencia do grupo-clase e do centro no seu conxunto.

No noso caso, esta aula é atendida por profesorado voluntario que nas súas gardas se presta a atender ao alumnado seleccionado.

Preténdese que cada alumno/a sexa atendido por un profesor/a ata acabar o período establecido para a súa atención (non mais de 10 sesións seguidas).

Nela aténdese a alumnado con conduta disrutiva e con déficit en habilidades sociais:

b.1.-Convivencia: Protocolo de derivación a convivencia*

-PROGRAMA DE ADESTRAMENTO EN HHSS

Destinado a aquel alumnado que:

- Non participa nas clases.
- Observase que sempre está só ou soa.
- Amosa dificultades para comunicarse.
- O resto de compañeiros e compañeiras afástanse del ou dela.

-OBXECTIVO:

-Dotar ó alumnado das ferramentas básicas que lles permitan levar a cabo unha comunicación eficaz no contexto interpersoal afondando en aspectos como o autoconecemento, a autoestima e a asertividade.

-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN



- 1.-O titor/a e profesorado informa ao Director, xefa de estudos, Orientadora a existencia de alumnado con dificultades para relacionarse.
- 2.-A dirección, xefatura de estudos e orientación elaboran unha listaxe de alumnado a atender.
- 3.- A coordinación de convivencia complementa a folla de derivación para a adquisición de H.H.SS.
- 4.- Ao alumnado asignaráselle un profesor/a voluntario/a que levará o seu caso durante todo o proceso.
- 5.- Este alumnado poderá recibir esta atención nas horas de Titoría, relixión, Atención Educativa e si é preciso, en Ed. para a cidadanía.
A atención deste alumnado estará supeditada a dispoñibilidade horaria do profesorado voluntario que atende esta aula.

*Para mais información consultar o NOF

-PROGRAMA DE EDUCACIÓN SOCIOEMOCIONAL *

Destinado a aquel alumnado que:

:

- Amosa unha conduta e comportamento disrutivo continuado, que non se corrixe coa amoestación por parte do titor ou titora ou pola xefatura de estudos, e se considera que pode mellorar con esta medida...

29

-OBXECTIVO:

- Adestrar ó alumnado no recoñecemento das emocións e noutra forma de pensar e actuar máis funcional que lle axude a afrontar os seus retos ou calquera situación da súa vida con condutas máis adecuadas e adaptadas ós contextos nos que se desenvolve.

-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.- Xefatura de estudos revisa os partes de incidencia do alumnado.
- 2.- Dirección, Xefatura de estudos, e coordinación de convivencia farán unha listaxe con aquel alumnado que amosa unha conduta disrutiva, e se considera que pode mellorar asistindo a esta aula.
- 3.- A coordinación de convivencia complementa a folla de derivación para a aula de convivencia e reflexión.
- 4.- Ao alumnado asignaráselle un profesor/a voluntario/a que levará o seu caso durante todo o proceso.
- 5.- Este alumnado poderá saír en calquera hora xa que se trata dunha conduta disrutiva reiterada.
- 6.- No caso de que se vexa que esta medida non é efectiva para o alumno/a, suspenderase a atención, e aplicaranse as medidas oportunas establecidas nas normas de convivencia do centro.



- 7.- Farase un seguimento do alumnado que deixa de acudir a aula de convivencia cando se ve unha mellora notable no seu comportamento.
- 8.- Si é necesario, o alumnado poderá volver a ser atendido na aula de convivencia despois dun período de non asistencia, e considerar que lle pode axudar.
- A atención deste alumnado estará supeditada a dispoñibilidade horario do profesorado voluntario que atende esta aula.

*Para mais información consultar o NOF

b.2.-Mediación: Protocolo de derivación a mediación

● **Cando e como se expón ao alumnado do IES “Castro Alobre” en que consiste a mediación?**

- Charla explicativa sobre a mediación e a xestión positiva do conflito.
- Realízase a principio de curso para o alumnado novo de 1º ESO.
- Entrega dun díptico, onde se explica o Programa de Mediación, a aquel alumnado novo doutros niveis.

● **Que pasa logo?**

- O alumnado cobre unha enquisa na que contestan diversas preguntas relacionadas co tema, ademais de comunicar se queren formar parte do equipo de mediación.

● **Selección de mediadoras/es**

- Entrevista persoal con aqueles que desexan entrar no equipo de mediación.
- Consulta ao grupo e ao titor/a de cales son os máis valorados como posibles mediadores/as.
- Reunión cos seleccionados/as.

● **Para que nos reunimos co alumnado que accede, voluntariamente, á mediación?**


- Explicación dos criterios e condicións de acceso.

● **Acceso do alumnado con avisos de incidencia:**

- Graves: tres semanas de penalización.
- Leves: dúas semanas de penalización.

Accederá ao curso de formación, pero durante o período de tempo especificado anteriormente non poderá participar en ningún proceso de mediación.

● **Acceso do alumnado sen avisos de incidencia:**



Acceso directo ao curso de formación e ao proceso mediador.

- Fixación dun horario de formación (un recreo semanal de 25 minutos e unha sesión pola tarde cada trimestre ata completar, en total, 25 horas de formación):
 - Nivel I (ata 15 alumnos/as)
 - Nivel II (os que superaron o nivel I)
- Entrega do carné de mediador/a do IES “Castro Alobre” e a carpeta co material do curso de formación.
- Comunicación por escrito ás familias.
- Sinatura do contrato de mediación entre iguais.

● **Que acontece se un alumno/a mediador infrinxe as Normas e organización e funcionamento do centro?**

- Falta moi grave: retirada do carné de mediador e baixa no curso de formación.
- Falta grave: retirada temporal do carné de mediación (un mes), baixa temporal, tanto na mediación de conflitos como no curso. Só se permitirá unha falta grave.
- Falta leve: baixa temporal (vinte días) na mediación de conflitos. Continuación na asistencia ao curso de mediación. Só se permitirán dúas faltas leves.

● **Que sucede se o alumnado mediador non acode ao curso de formación?**

- Asinarase cada asistencia e só se admitirán ausencias por causas xustificadas (enfermidade, actividades de tipo académico). Tres ausencias inxustificadas derivarán nunha baixa automática do curso de formación.

● **Cales son as vantaxes do carné de mediación?**

- Formación en resolución pacífica de conflitos.
- Na avaliación das materias de Educación para a Cidadanía (2º ESO) e Ética (4º ESO), contéplase o feito de pertencer ao Programa de Mediación.

● **Valoración do alumnado mediador**

- No remate do curso, todo aquel alumnado mediador:
 - Cubrirá unha enquisa valorando a súa participación no proxecto e aportando as suxestións que considere.
 - Os representantes dos mediadores/as farán partícipe ao claustro da súa experiencia.

PROTOCOLO PROCESO MEDIACIÓN



➤ Hai un conflito entre iguais...

- Primeira exposición oral do caso, polas partes implicadas no conflito, na xefatura de estudos.
- Exposición escrita, de xeito individual, no decálogo de reflexión. Neste documento deben cubrir se acceden, voluntariamente, á mediación escolar.

➤ Acceden á mediación...

- Reunión da xefatura de estudos coa coordinación de mediación para o estudo do caso e selección de mediadores/as, atendendo ao conflito e á idade dos implicados no mesmo.
- Comunicación da xefatura ao titor/a da derivación do caso a mediación.
- Envío dunha copia do decálogo de reflexión ás familias das partes en conflito.
- Notificación aos mediadores/as e cita con eles/elas para a análise do proceso.
- Xuntanza da xefatura cos coordinación e os mediadores/as. Entrega dun informe do conflito, así como do decálogo de reflexión cuberto polas partes. Establecemento da data de mediación.
- Aviso aos mediados do día e a hora da celebración de mediación.

➤ 1º paso: chega a premediación...

- 1ª fase: Presentación dos mediadores/as e as partes implicadas no conflito.
- 2ª fase: Os mediadores falan individualmente cos afectados e estes explícanlle a súa versión do caso.

➤ 2º paso: chega a mediación...

- 1ª fase: explicación das regras do xogo. Sinatura do acordo de confidencialidade.
- 2ª fase: cóntame. Exposición do conflito coa presenza de ámbalas dúas partes.
- 3ª fase: aclarar o problema
- 4ª fase: proposta de solucións.
- 5ª fase: acordos. Sinatura dos acordos e prazo de cumprimento.
- Realización dun cuestionario de valoración por parte dos alumnos/as mediados.

➤ 3ª paso: e agora...

- Reunión da xefatura co alumnado mediador para explicar o resultado do proceso.
- Xefatura: selado do documento dos acordos e fotocopiado do mesmo para enviar ás familias dos mediados; información ao titor/a dos acordos aos que chegaron e seguimento do proceso.



- Mediadores: revisión dos acordos no prazo acordado, baixo a supervisión da xefatura, a coordinación de mediación e do titor/a correspondente.

➤ 4º paso: finalmente...

- Arquivo do expediente no libro de rexistros habilitado para tal efecto na aula de mediación.
- Segundo recolle a LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa “ *a opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia*”.
- Polo tanto, se o proceso de mediación se interrompe, remata sen acordo ou non se compren os pactos asinados, o caso volve ao punto de partida, aplicándose a medida correctora correspondente, segundo o RRI do centro.


➤ **¿Cando se realiza a mediación?**

- Preferentemente, nos recreos.

2.F.- RECURSOS

33

- **HUMANOS**: Profesorado voluntario, Compoñentes da dinamización de Convivencia, Equipo directivo, colaboradores expertos, e outros dos que se poda dispoñer.
- **MATERIAIS**: Protocolos, material deportivo, xogos, marial de papelería, cordas marcadoras de camiños, alimentos, dispositivos informáticos, mobiliario, e outros dos que dispoña o centro.
- **INSTALACIÓNS**: Pavillón, Ludoteca, Aula de convivencia e mediación, Patio, aulas... e outros dos que poda dispoñer o centro.
- **FINANCEIROS**: Consellería de Educación de Galicia (Programa de mellora da convivencia).



3.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Será a coordinación da dinamización de convivencia quen en primeira instancia realizará o seguimento e a avaliación do Plan cunha periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa todo o ocorrido en cada trimestre en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas de mellora para o período seguinte.

Segundo o protocolo a avaliación, realizarase mediante a simple observación (como no caso da cafetería ou da campaña “O centro somos todos, coidémolo”) ou a través de enquisas ou cuestionarios de recollida de información sobre o nivel de satisfacción dos usuarios (ludoteca, actividades deportivas,,).

Esta información trasladarase aos compoñentes da dinamización de convivencia, ao observatorio de convivencia, e consello escolar. Todos eles participarán no seguimento e avaliación do Plan, pois analizarán os informes que elabore o a coordinación de convivencia,.

Por outro lado, analizaranse os resultados das actuacións levadas a cabo nos diferentes curso relacionadas coa mellora da convivencia, incluídas no P.A.T e solicitadas polo profesorado. Nas xuntas de avaliación informarase Sobre a situación dos grupos en materia de convivencia, si produciron efecto as tarefas realizadas, ou é preciso introducir outra serie de medidas e actuacións.



● GLOSARIO

-Absentismo: Ausencia non xustificada dos alumnos/as ao centro escolar.
Abstención deliberada de acudir ao traballo. Costume de abandonar o desempeño de funcións e deberes anexos a un cargo.

-Acoso: Acción de facer obxecto a alguén de malos tratos ou persecucións.

-Acoso escolar: Tamén coñecido polo seu termo inglés *bullying*, é calquera forma de maltrato psicolóxico, verbal ou físico producido entre escolares de forma reiterada ao longo dun tempo determinado. Estatisticamente, o tipo de violencia dominante é o emocional e prodúcese maioritariamente na aula e no patio dos centros escolares. O acoso escolar é una especie de tortura, metódica e sistemática, na que o agresor/a sume á vítima, a miúdo co silencio, a indiferenza ou a complicidade doutros compañeiros/as.

-Acoso sexual : Calquera interese ou comportamento sexual inoportuno no traballo, que fai o lugar de traballo intimidatorio ou hostil. É unha forma de abuso sexual e psicolóxico, que inclúe desde molestias ou leves transgresións a abusos serios (comentarios lascivos, contactos non desexados, bromas sexuais, favores sexuais para conseguir outros status laborais, etc.)


-Acoso laboral ou moral : Coñecido frecuentemente a través do termo inglés *mobbing* é tanto a acción dun acosador/a ou acosadores/as conducente a producir medo ou terror no traballador afectado cara o seu lugar de traballo, como a enfermidade que produce no traballador. Esta persoa recibe unha violencia psicolóxica inxustificada de forma sistemática e continuada durante un tempo prolongado por parte dos seus compañeiros, dos seus subalternos ou dos seus superiores.
O que se pretende en último termo con este acoso, é o abandono do traballo por parte da vítima, a cal é considerada como unha molestia ou ameaza para os intereses persoais dos agresores/as.

-Agresividade: Propensión ou tendencia a atacar ou insultar a alguén para ferilo, golpealo ou causarlle calquera dano. Unha persoa agresiva impón o seu punto de vista, os seus dereitos, etc. xerando medo nos demais mediante violencia física ou verbal.

Aparte de causar dano físico ás vítimas, a agresividade pode servir para coaccionar e influír na conducta doutras persoas, para demostrar o poder que se ten sobre os subordinados, e para conseguir unha reputación e imaxe de líder.

-Agresión: Ataque, insulto ou acción violenta contra alguén. Acto contrario ao dereito do outro. A agresión é unha conducta que ademais de

causar dano deliberadamente, leva habitualmente unha alteración do estado



emocional (cólera ou outros).

-Asertividade: Comportamento na comunicación maduro, no cal a persoa non agride nin se somete á vontade de outras persoas, senón que expresa as súas conviccións e defende os seus dereitos. Como estratexia e estilo de comunicación, a asertividade diferénciase e sitúase nun punto intermedio entre a agresividade e a pasividade. É unha forma de expresión consciente, congruente, clara, directa e equilibrada, que ten por finalidade comunicar as nosas ideas e sentimentos, ou defender os nosos lexítimos dereitos sen a intención de ferir ou perxudicar, actuando desde un estado interior de autoconfianza.

-Autoestima: Tamén chamada amor propio ou autoapreciación. É a percepción emocional profunda que as persoas teñen de si mesmas. Ter unha boa autoestima implica ser consciente das virtudes e defectos propios, así como do que os demais realmente din de un e senten cara un, aceptando todo iso na súa xusta medida, sen amplificalo nin reduci-lo, sabendo e afirmando que en calquera caso un é valioso e digno. Implica, polo tanto, o respecto cara un mesmo e consecuentemente cara os demais.

-Autonomía: Facultade para gobernar as propias accións sen depender de outro. A autonomía individual define aquela situación de liberdade do individuo respecto a toda forza coercitiva de parte doutros individuos ou de algunha institución.

-Civismo: Comportamento dun bo cidadán. Refírese ás pautas mínimas de comportamento social que nos permiten convivir en colectividade, á capacidade de saber vivir en sociedade tendo en consideración ao resto dos individuos e seguindo unhas normas de conduta e de educación baseadas no respecto cara o próximo, o entorno natural e os obxectos públicos.

-Colaboración: Acción de cooperar ou contribuír co propio traballo á consecución ou execución de certa cousa. Refírese abstractamente a todo proceso onde se involucre o traballo de varias persoas en conxunto.

-A aprendizaxe colaborativa: Ou cooperativa é un enfoque de ensino no cal se procura utilizar ao máximo actividades nas cales é precisa a axuda entre estudantes, sexa en pares ou en grupos pequenos, dentro dun contexto de ensino-aprendizaxe. Esta aprendizaxe depende do intercambio de información entre o alumnado, os cales están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar o nivel de logro dos demais.

-Comportamentos disruptivos: No contexto escolar, son aqueles comportamentos inadecuados para o correcto funcionamento da aula. Cando falamos de disrupción referímonos a situación de aula en que algúns alumnos/as impiden co seu comportamento o



desenvolvemento normal da clase, obrigando ao profesorado a empregar cada vez máis tempo en controlar a disciplina e a orde.

Choque ou situación permanente de oposición, desacordo ou loita entre persoas ou cousas. Situación na que non se pode facer o que é necesario facer ou na que non se sabe que facer.

-Conflito: Choque ou situación permanente de oposición, desacordo ou loita entre persoas ou cousas. Situación na que non se pode facer o que é necesario facer ou na que non se sabe que facer.

-Convivencia: Acción ou feito de vivir en boa harmonía unhas persoas con outras.

-Disciplina: Suxeción das persoas na súa conducta a normas mais ou menos severas. Sometemento á autoridade, obediencia.

-Empatía: Tamén chamada intelixencia interpersoal, é a capacidade cognitiva de percibir nun contexto común o que un individuo diferente pode sentir, a habilidade para entender as necesidades, sentimentos e problemas dos demais, poñéndose no seu lugar.

-Igualdade: Equidade, circunstancia de ser tratadas da mesma maneira as persoas dunha mesma sociedade, comunidade ou país. Situación na que todos teñen os mesmos dereitos, obrigas, bens, beneficios e oportunidades. Ausencia de discriminación entre os seres humanos, no que respecta aos seus dereitos.

-Liberdade: Facultade do home para escoller a súa propia liña de conducta, da que, por tanto, é responsable. Estado do que non é escravo, non está preso, non está sometido á vontade de outro. Falta de prohibición, impedimento ou coacción para facer algo.

-Marxinación: Discriminación ou intolerancia de tipo racial (apartheid), sexual (sexismo), relixioso (intolerancia relixiosa) ou ideolóxico (represión política).

-Matonismo: Procedemento para impoñerse a outros que consiste en provocalos ou tratar de intimidalos. O comportamento matonesco pode ser verbal (groserías, burlas, sarcasmo, insultos, ameazas), físico (golpes, puñazos, puntadas, rabuñadas, cambadelas, esgarros), social (ignorar, excluír, illar, marxinar) ou psicolóxico (espallar rumores, mirar de maneira desafiante, esconder ou danar pertenzas, mensaxes malvados vía teléfono móbil ou correo electrónico, uso inadecuada de móbiles con cámara).

-Mediación: Acción de mediar entre dúas persoas para arranxar un trato ou poñer en paz aos que están postos a mal. Nun procedemento de mediación, un terceiro neutral, un mediador, axuda ás partes a solucionar a súa controversia. No contexto escolar os mediadores poden ser alumnos/as,

profesores/as, pais/nais. Non son xuíces nin árbitros, non impoñen solucións



nin opinan sobre quen ten a verdade, o que buscan satisfacer as necesidades das partes en disputa, regulando o proceso de comunicación e conducíndoo por medio duns sinxelos pasos nos que, se as partes colaboran, é posible chegar a unha solución satisfactoria.

-Resiliencia: Capacidade das persoas ou grupos para recuperarse dun conflito, para sobrepoñerse á dor emocional das traxedias e continuar co seu proxecto de futuro.

-Respecto: Actitude da persoa que garda as consideracións debidas ás persoas ou ás cousas, que non intenta impoñer con violencia os propios gustos ou opinións.

-Sexismo: Discriminación das persoas dun sexo por consideralo inferior ao outro. O sexismo contra as mulleres é coñecido como *misoxinia*. O sexismo contra os homes é coñecido como *misandria*. Tamén se pode falar de sexismo contra os transexuais, sexismo contra os intersexuais ou hermafroditas, sexismo contra os homosexuais.

-Tolerancia: Actitude do que respecta ou consinte as opinións alleas. Respecto que se ten ás ideas, crenzas ou prácticas dos demais cando son diferentes ás propias. Capacidade de escoitar e aceptar aos demais, comprendendo o valor das distintas formas de entender a vida.

-Vandalismo: Calidade de vándalo, é dicir, persoa que destrúe, promove escándalos, etc. por inclinación a facelo e con desconsideración cara os demais. Designa a hostilidade cara as propiedades alleas, chegando ao deterioro ou a destrución voluntaria. No que comunmente coñecemos como vandalismo, fenómeno moi xeneralizado, especialmente nas zonas urbanas, inclúense tanto actos que poden cualificarse como rapazadas como accións recollidas no código penal.

-Violencia: Maneira de proceder na que se fai uso exclusivo ou excesivo da forza. Acción inxusta coa que se ofende ou se prexudica a alguén.

-Violencia doméstica: Tamén chamada violencia familiar, comprende todos aqueles actos violentos, dende o emprego da forza física ata o acoso ou a intimidación, que se producen no seo dun fogar e que perpetra ao menos un membro da familia contra outro ou outros. Inclúe violencia contra a parella, maltrato infantil e abuso de menores.

-Violencia física: Comportamento deliberado que provoca ou pode provocar danos físicos a outros seres.

-Violencia psicolóxica: Forma de violencia que provoca danos emocionais ou psíquicos en outras persoas mediante ameazas, ofensas, maltrato verbal, acoso, reclusión, privación dos recursos físicos, financeiros e persoais, etc.

-Violencia simbólica Forma de violencia non exercida directamente mediante



a forza física, senón a través da imposición por parte

dos suxeitos dominantes dunha visión do mundo, dos roles sociais, das categorías cognitivas e das estruturas mentais.

-Violencia virtual: Refírese á violencia transmitida a través do mundo do espectáculo (televisión, música, películas, videoxogos, internet, xogos de ordenador, etc.) que non se experimenta fisicamente, pero que pode ter un efecto psicosocial duradeiro nun individuo.

-Xenofobia: Aversión ou odio cara o estranxeiro, con manifestacións que van dende o rexeitamento mais o menos manifesto, o desprezo e as ameazas, ata as agresións e asasinatos. Unha das formas mais comúns de xenofobia é a que se exerce en función da raza, isto é, o racismo. É xenofobia toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia baseada en motivos de raza, cor, liñaxe ou orixe nacional ou étnico que teña por obxecto ou por resultado anular ou menoscabar o recoñecemento, goce ou exercicio, en condicións de igualdade, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural ou en calquera outra esfera da vida pública.